

10 Aniversario
Concerto de Nadal
Mans Unidas

CORO «CARDENAL QUIROGA»
DA CATEDRAL DE SANTIAGO

DIRECTOR: JOSÉ LUIS VÁZQUEZ

ORQUESTRA PRAELUDIUM

DIRECTOR: MATEO IGLESIAS



Xoves 4 de xaneiro de 2018 ás 19:30 h
Igrexa da Universidade de Santiago de Compostela

PROGRAMA

¡RO, MI NIÑO, RO! (1963) (Silvestre Peñas Echeverría, 1896-1985. Arreglo orquestal: Celia Loureiro Novo)

CANTO DE BERCE (P. Manuel Feijoo, o.f.m., 1926-1992. Arreglo orquestal: Daniel García Barreiro)

EN BELÉN TOCAN A FUEGO (Popular Burgalesa. Arm. E. Cervera, 1896-1972)

EN LA MÁS FRÍA NOCHE (Norteamérica. J. F. Spilman, 1812-1896)

SERENATA PARA VIENTOS, VIOLONCELLO Y CONTRABAJO en Re menor, Op. 44 (B. 77) (1878) (A. Dvořák, 1841-1904)

Selección

1º Mov. Moderato quasi marcha

2º Mov. Minueto

CANTARELA (Cantiga de nenos) (Manuel Prieto Marcos, 1905-1945. Arreglo orquestal: Ángel Vidal Cortizo)

CANTAR DA NAMORADA (P. Manuel Feijoo, o.f.m., 1926-1992. Arreglo orquestal: Andrés Piñeiro Casal)

LE MESSAGE DES ANGES (s. XIII) (Arm. F. A. Gevaert, 1828-1908)

ENTRAI PASTORES (DECK THE HALLS) (Melodía galesa, s. XVI. Arm. J. Fernandes da Silva, 1936-2005)

ADESTE FIDELES (1742) (John Francis Wade, 1711-1786. Arm. John Reading, 1685-1764)

O coro “Cardenal Quiroga” da Catedral de Santiago, fundado no ano 2015 por iniciativa do Cabido, ven a sumarse á ampla oferta musical da Catedral, da que xa formaban parte a “Capilla Musical” e a “Escolanía”.

Formado na actualidade por 48 membros, pretende, ademais de solemnizar as celebracións litúrxicas no templo, completar o panorama coral existente na cidade.

Na súa, todavía, corta existencia, aparte das súas actuacións na Catedral, tamén o ´fíxo en programas da TVG (“Polo camiño da fe”), no concerto conmemorativo do 60º aniversario da publicación do libro “Panxoliñas” de Torre Enciso musicalizadas polo P. Manuel Feijoo, e nos XXI e XXII Encontros de Música Coral “Fonseca” (A Coruña). Así mesmo cantou con agrupacións como a Orquesta Praeludium, dirixidos por Mateo Iglesias e, recentemente, interpretou, como membro do coro participativo, o Mesías de G. F. Händel no Auditorio de Galicia coa Capella de Amsterdam e dirixidos por Daniel Reuss, concerto organizado pola Obra Social “La Caixa”.

A Orquesta Praeludium é unha iniciativa promovida pola Asociación Musical sen ánimo de lucro Praeludium. Foi fundada en 2014 e está dirixida por Mateo Iglesias.

A orquesta está dirixida tanto a xente nova que busca ampliar a súa formación en vistas a un futuro profesional, como a músicos amateur que queren seguir tocando nunha orquesta, compaxinándoo coas súas actividades propias.

Praeludium busca contribuír ao dinamismo musical da comunidade e ofrece concertos con regularidade, a menudo en colaboración con outras agrupacións como o coro de cámara “Si vis me canere” ou a “Escolanía da Catedral de Santiago de Compostela”, sendo con esta última coa que recentemente interpretou a ópera “Brundibar”, do compositor checo Hans Krasa, nun proxecto organizado pola Asociación de Amigos da Ópera de Santiago que gozou dun grande éxito.



VICERREITORÍA DE ESTUDANTES,
CULTURA E RESPONSABILIDADE SOCIAL



CORO
CARDENAL
QUIROGA
CATEDRAL
DE SANTIAGO